



A mellora xenética nas ganderías

Nas seguintes páxinas abordamos a revolución que están a supoñer nos últimos anos a xenómica e a utilización do seme sexado, unha combinación que lles permite ás ganderías un grande incremento na velocidade de mellora dos seus animais, polo que é moi recomendable realizar un correcto programa de apareamentos co fin de dirixir a selección do rabaño cara aos nosos obxectivos.

Técnicos das Africores

As Africores levamos moitos anos facendo acoplamentos para os nosos socios, en distintas modalidades en función da provincia, pero cun mesmo obxectivo: ofertarlles aos socios un servizo independente que lles permita optimizar o investimento en xenética, buscando as mellores combinacións dos touros mercados coas súas vacas.

Moito cambiaron as cousas ao longo deste tempo, fundamentalmente pola irrupción da xenómica e do seme sexado, dous feitos que, xunto co incremento do tamaño das explotacións, fan este servizo cada vez máis necesario.

A xenómica permite incrementar a fiabilidade dos índices xenéticos dende un 35 % aproximadamente, que poden ter os índices de pedigree, ata valores próximos ao 70 %. Isto quere dicir que coñecemos con maior precisión as características xenéticas dunha xata con

xenómica que dunha vaca con varios partos, o que fai moito máis interesante a posibilidade de acoplala, pois, dado que coñecemos as súas características con moita maior precisión, podemos buscar o touro que mellor a complementa.

Tal é a importancia de realizar acoplamentos cando temos a xenómica que dende Conafe xa se inclúen dentro do programa de recría xenómica. Así, todos os gandeiros inscritos neste programa contan cuns apareamentos de balde incluídos e pódense solicitar a Conafe ou directamente a súa Africor.

O seme sexado é a outra gran revolución na selección de vacún, pois con ganderías en continuo crecemento, como ocorre en moitas galegas, ata que apareceu esta posibilidade, case a totalidade das vacas eran cubertas con touros frisóns para obter o máximo número de xatas, o que limitaba as opcións para seleccionar correctamente as nais da futura xeración, baseando a mellora xenética unicamente na vía macho, en poñer os mellores touros posibles.

Non obstante, unha vez que este produto está xeneralizado, a maior parte dos touros xa están dispoñibles na modalidade de sexado, o que abre unha nova vía de selección e permite obter femias das mellores vacas, seleccionando as nais da futura xeración. Isto, sen dúbida, pode provocar unha grande aceleración na mellora das vacas, pois cantas grandes vacas remataron a súa vida produtiva sen deixar descendencia na gandería.

A combinación destas dúas ferramentas, a xenómica e a utilización do seme sexado, permítelle a calquera gandería un incremento moi grande na velocidade de mellora dos seus animais, pero, para asegurar iso, cómpre realizar un correcto programa de apareamentos, que nos permita dirixir a selección do rabaño cara aos nosos obxectivos, algo que cada vez é máis necesario ter claro, sobre todo por ese incremento na velocidade de selección que podemos conseguir.

Canto máis rápida sexa a velocidade, máis preciso é ter unha folla de ruta,



► A XENÓMICA PERMITE INCREMENTAR A FIABILIDADE DOS ÍNDICES XENÉTICOS DENDE UN 35 % APROXIMADAMENTE, QUE PODEN TER OS ÍNDICES DE PEDIGREE, ATA VALORES PRÓXIMOS AO 70 %

saber a onde se quere chegar; por iso, os coches de rally levan copiloto. Todo o que acelere o progreso xenético (xenómica, seme sexado...) fai imprescindible un programa de apareamentos, non só na súa concepción clásica de buscar o mellor touro para cada vaca, senón para establecer unhas directrices de cara a onde dirixir a mellora xenética da granxa.

Estes cambios tamén fan mudar o traballo dos técnicos para axudar nesta mellora xenética, pois ata o de agora este consistía fundamentalmente en buscar a mellor combinación das vacas da gandería cos touros seleccionados polo gandeiro para o seu rabaño, pero neste novo escenario o traballo comeza por seleccionar as femias que deben ser as nais da seguinte xeración, un labor máis laborioso e no que, sen dúbida, van xurdir discrepancias entre técnicos e gandeiros. O técnico debe fiarse dos datos, fundamentalmente os índices xenéticos que nos reflicten o xenotipo do animal (o que vai transmitir) e o gandeiro vai pensar no fenotipo (o que se ve): “Este animal produce moito e non dá problemas e non o seleccionaches; en cambio, aquel que dá moitos problemas si o seleccionaches”.

Estas son cousas difíciles de entender, pero confiando na ciencia, ese animal seleccionado polos seus índices vai ter unha descendencia mellor ca o outro, aínda que por algún motivo el non puidese expresar ese potencia, xenético no seu fenotipo, por exemplo, porque sufriu unha pneumonía de pequeno que reduciu a súa capacidade pulmonar, condicionando toda a súa vida produtiva, pero non é algo que se trasládase ao seu ADN, así que a súa descendencia si pode expresar ese potencial que esa vaca non puido.

Con estas ferramentas está claro que o progreso xenético se pode acelerar de forma substancial, coa selección das nais da próxima xeración, o que vai facer que parte das vacas sexan cubertas con touros de aptitude cárnica na procura dun maior valor desa descendencia. ►



La cetosis es más común de lo que piensas

Incluso granjas de alta producción y buen manejo pueden tener más del 40% de sus animales en riesgo.^{1,2}

Los niveles de cetosis observados en la granja pueden ser ampliamente subestimados. A menos que estés buscando activamente, es posible que no asocies necesariamente las altas tasas de enfermedad de transición, el bajo rendimiento y fertilidad con niveles elevados de BHB

¿Tu rebaño está en riesgo?

Pregunta a tu veterinario hoy mismo cómo prevenir la cetosis en tu granja. También puedes contactar con el Equipo de Elanco. Más en <https://vetconecta.elanco.com/plataformas-de-conocimiento/descubre-que-es-vital-90tm-days>

STOP

CETOSIS

1. Duffield T., 2009 "Impact of hyperketonemia in early lactation dairy cows on health and production". Journal Dairy Science 2009; 92 (2): 571–580; 2. Guadagnini et al., 2019 "Culling Dynamics and Risk Factors in High Producing Italian Dairy Farms" Congresso Nazionale della Società Italiana di Buiatria, 8 Noviembre, Parma;

Elanco

Elanco y la barra diagonal son marcas registradas de Elanco o sus filiales © 2023 Elanco. PM-ES-23-0043

Táboa 1. Porcentaxe de taxa de non retorno (TNR) por raza

Raza	TNR 56	Porcentaxe de xovencas
Frisona	53,7	22,2
Frisona sexado	52,1	66,4
Branco belga	48,7	0,7
Limousine	51,3	1,9
Angus	51,4	11,7
Rubia galega	51,3	2,0

Datos 2022, Africor Lugo

► NO CONTROL LEITEIRO DISPOÑEMOS DE INFORMACIÓN QUE PODE SER ÚTIL Á HORA DE DESEÑAR AS ESTRATEXIAS DE CADA EXPLOTACIÓN, COMO A TAXA DE NON RETORNO (TNR 56), QUE REFLECTE AS VACAS QUE NON REPITEN O CELO NOS SEGUINTE 56 DÍAS TRAS A PRIMEIRA INSEMINACIÓN

Táboa 2. Duración da xestación e facilidade de parto por raza

Raza	Duración da xestación	Porcentaxe de partos fácil e normal
Frisona	276,7	98,1
Limousine	283,9	95,3
Branco belga	279,7	95,8
Angus	278,4	98,0
Rubia galega	282,7	95,7

Calculado cos partos dos últimos 5 anos (Africor Lugo)

Non obstante, debemos ter en conta factores como a duración da xestación e a facilidade de parto, non vaia ser que por buscar un maior valor de mercado desa cría comprometamos a lactación da vaca, xa que existe unha relación directa entre a dificultade de parto e a redución da produción na seguinte lactación.

No Control Leiteiro dispoñemos de información que pode ser útil á hora de deseñar as estratexias de cada explotación, como a taxa de non retorno (TNR 56), que reflicte as vacas que non repiten o celo nos seguintes 56 días tras a primeira inseminación.

Na táboa 1 amosamos a porcentaxe de xovencas porque estas teñen unha maior fertilidade e pode condicionar a fertilidade por raza. Con estes datos non parece que a fertilidade sexa un factor determinante para escoller unha raza ou outra e son maiores as diferenzas entre touros dentro dunha mesma raza que a que podemos atopar entre as distintas razas.

Outros factores a ter en conta son a duración da xestación e a facilidade de parto, dúas características que si definen as razas, aínda que dentro de cada raza tamén hai diferenzas substanciais, sobre todo na facilidade de parto. Por iso, temos que avaliar os touros de forma individual, para o cal é necesaria unha correcta identificación das inseminacións mesmo nos casos de cruzamento, pois así podemos dispoñer de información sobre os touros de forma individual, de xeito que poidamos elixir as mellores opcións en cada caso.

NOVO ICO

Para poder realizar correctamente a selección dos animais é preciso calcular correctamente e con moita precisión os valores xenéticos dos animais, á vez que se deseñan índices de selección que faciliten seleccionar as mellores vacas e touros. No mes de xuño deste ano produciuse un cambio no índice de selección de España, o ICO, aínda que este cambio só afectou á súa escala, sen variar o peso de cada carácter, polo que a orde dos touros se mantén e só varía en base ás modificacións dos valores xenéticos para os distintos caracteres, como é habitual cada vez que se recalculan os valores xenéticos na medida en que se dispón de máis información.

Con este cambio establécese como base de referencia para o ICO a media do valor xenético das vacas nadas 10 anos antes, outorgándolles un valor de 1.000, que serve de base para clasificar tanto touros coma vacas, de acordo con este índice de selección. Este sistema vai permitir que os valores de ICO non medren de forma indefinida, ao ir mudando a base de referencia ano tras ano. Isto fai que un touro que estea entre o 1 % dos mellores en España teña un ICO superior a 1.232 puntos e unha vaca, tamén situada entre o 1 % das mellores, teña un ICO de máis de 1.204 puntos.

Este nivel de valores é o que imos atopar nas novas listaxes, deixando atrás os antigos, que facían que os mellores animais tivesen ICO arredor dos 4.000-5.000 puntos. ■

¡CONSULTA NUESTRA WEB!

www.sancristobalsl.net

MUELLER



SILOS DESDE
12.000 L.

- Tanques verticales
- Tanques horizontales
- Unidades de refrigeración
- Preenfriadores de tubos
- Preenfriadores de placas
- Recuperadores de calor
- Controladores de granja
- Generadores de frío



**IMPORTADOR
OFICIAL PARA
ESPAÑA**



PREENFRIADOR
DE LECHE



RECUPERADOR
DE CALOR



TANQUES
HORIZONTALES



GENERADOR
DE FRIO

Monterroso (Lugo) - Negreira (A Coruña)
Telf: 982377103 - 699468985 - 697486779
sancristobalsl@sancristobalsl.net



@sancristobalsl

Nuestras marcas:



etxeholz

